

Martes, 30 de setembro de 2025

Núm. 186

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORRIÑO, O

Persoal, oposicións

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 30-09-2025

Data final de exposición: 01-12-2025

O Porriño, a de de

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, MEDIANTE CONCURSO DE TRASLADOS

ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DE BASES DE CONVOCATORIA

Por decreto da Alcaldía nº 2025-2947 de data 16/09/2025, ditado no expetde.1784/2025, aprobáronse seguintes:

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, MEDIANTE CONCURSO DE TRASLADOS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

É obxecto destas bases a convocatoria para a provisión definitiva de dous postos de traballo encadrados no Grupo C, subgrupos C1, pertencentes á plantilla orzamentaria de funcionarios e RPT deste Concello, en situación de cobertura provisional e susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva mediante concurso.

SEGUNDA.- POSTOS E DOTACIÓN.

CÓDIGOPOSTO RPT	DENOMINACIÓN	TIPO	CORPO, ESCALA, CATEGORÍA	GRUPO	NIVEL	PROV.
01. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL						
01.00.00.04	XEFE DE UNIDADE	F	A.X. (ADTVA.)	C1	22	C
03. DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA E RECADACIÓN						
03.00.00.02	XEFE DE UNIDADE	F	A.X. (ADTVA.)	C1	22	C

Os postos están dotados coas retribucións básicas correspondentes ao grupo e subgrupo indicados e demais retribucións complementarias que correspondan de acordo co orzamento municipal e réxime retributivo vixente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: IN643DLT5U5QPIM



Martes, 30 de setembro de 2025

Núm. 186

TERCEIRA.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.

Poderán participar na provisión de postos de traballo mediante concurso interno de traslados obxecto da presente convocatoria o persoal do Concello de O Porriño que reúnan os seguintes requisitos e que deberán posuír á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión:

- Ter a condición de funcionario de carreira do Concello do Porriño con praza en propiedade de Administrativo de Administración Xeral, grupo C, subgrupo C1 do Concello do Porriño. (Este requisito será comprobado pola administración municipal de oficio).
- Atoparse incluído no subgrupo de titulación da praza asociada aos postos de traballo ofertados neste concurso.
- Contar cunha antigüidade de polo menos 2 anos de servizos efectivos como funcionario/a de carreira na escala de Administración Xeral, subescala Administrativa Grupo C, Subgrupo 1. (Este requisito será comprobado pola administración municipal de oficio).
- Ter aboada a cantidade de 15,95 €, polos dereitos de participación no proceso de selección por concurso para a provisión de postos de traballo, mediante ingreso na conta corrente aberta a nome deste Concello en ABANCA IBAN ES55 2080 5054 02 31 1001 7139.
- No xustificante do devandito aboamento, que se deberá achegar á instancia, deberá facer constar o nome e apelidos do aspirante e indicar no concepto "Concurso para a provisión definitiva 2 postos xefe unidade".
- Cumprir os demais requisitos legalmente establecidos segundo a lexislación vixente e artigo 56 TREBEP.

CUARTA.- PUBLICIDADE.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

O anuncio da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE).

A resolución aprobatoria das bases e da convocatoria poderán ser impugnadas mediante a interposición dos recursos procedentes segundo a lexislación procedemental común e a reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: IN643DLT5U5QPIM



QUINTA.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN E FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

Os/as aspirantes, xunto coa instancia deberán presentar dentro do prazo de presentación establecido e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a seguinte documentación:

- Relación debidamente numerada da documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes.
- Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados polos/as aspirantes.
- Declaración responsable facendo constar os méritos alegados de antigüidade no Concello de O Porriño e experiencia profesional polo desempeño temporal do posto, desagregando a data ou datas de inicio e finalización dos servizos prestados ao Concello, así como a Área, Departamento, Servizo ou Unidade na que se prestaron. A acreditación destes méritos farase de oficio.
- Expresión da orde de preferencia dos postos solicitados no suposto de que sexan varios os postos de traballo que se soliciten, debendo indicarse a preferencia respecto dos postos incluídos no concurso aos que se aspira, indicando a orde na solicitude de participación.
- Xustificante do pagamento dos dereitos de participación no proceso selectivo.

Para a xustificación dos méritos o/a aspirante que teña que achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá aportar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia cotexada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración se non fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso.

O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos unicamente alegados e non acreditados.

SEXTA.- INSTANCIAS.

As instancias solicitando tomar parte neste proceso selectivo, na que os/as aspirantes deberán manifestar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira, referidos sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación das mesmas, xunto coa documentación acreditativa dos méritos avaliáveis, serán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello do Porriño e deberán presentarse conforme ao modelo do ANEXO I ou na forma que determina o artigo 66 da LPACAP, por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello do Porriño <https://oporrino.sedelectronica.gal>. de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no Real Decreto 203/2021, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do Sector público por medios electrónicos.



Martes, 30 de setembro de 2025

Núm. 186

No suposto de que algunha das persoas interesadas presente a súa solicitude presencialmente, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que sexa realizada a emenda.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da data de publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial do Estado (BOE).

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

A non presentación da instancia en tempo e forma suporá a exclusión do/da aspirante.

Os aspirantes, polo feito de participar no presente concurso, sométense ás presentes bases da convocatoria e as decisións que adopte o tribunal, sen prexuízo das reclamacións ou recursos pertinentes.

A falta de presentación do resgardo acreditativo do abono dos dereitos de participación no proceso selectivo dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do aspirante a devandito concurso.

En ningún caso a presentación e pagamento dos dereitos de participación en devandito proceso selectivo, suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS.

Expirado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, das causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal cualificador. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no BOPDEPO, para que poidan emendar erros ou defectos que motivara a súa exclusión e presentar nova documentación, así como para promover a recusación dos membros do tribunal. Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito para ser incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da provisión de postos de traballo.

Transcorrido o prazo anterior, a Alcaldía ditará resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos para a provisión de postos de traballo mediante concurso e fixará o lugar, data e hora en que se constituirá o tribunal que avaliará os méritos. Esta resolución

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: IN643DLT5U5PQIPIM



publicarase no BOPPO, no Taboleiro de anuncios e, de xeito complementario, na páxina web municipal www.oporrino.org.

A publicación da resolución aprobatoria da lista definitiva no BOPPO será determinante dos prazos a efectos de posibles impugnacións ou recursos.

OITAVA.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN.

O tribunal de valoración estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía, publicándose a súa composición consonte ao disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home, e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para a participación no proceso selectivo dos postos de traballo obxecto do presente concurso.

Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección, ou de designación política, o persoal interino ou persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 40/2015 citada.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúa, e da metade, polo menos, dos seus membros.



Martes, 30 de setembro de 2025

Núm. 186

O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos, de asesores especialistas, con voz pero sen voto, que colaborarán co órgano de valoración exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

O tribunal está facultado e queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan xurdir e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na lei 39/2015 anteriormente citada.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015.

O tribunal de valoración, unha vez rematada a valoración, elevará ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación a proposta de nomeamento das persoas candidata/as para a provisión definitiva de postos de traballo obxecto desta convocatoria, sendo a proposta vinculante sempre que se axuste a Dereito.

NOVENA.- SISTEMA DE PROVISIÓN.

De acordo co establecido no Acordo Regulador e Relación de Postos de Traballo do Concello do Porriño, a provisión definitiva de postos de traballo obxecto desta convocatoria realizarase a través do sistema de concurso de méritos.

DÉCIMA.- BAREMO PARA PUNTUACIÓN DOS MÉRITOS.

Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

1.— Antigüidade.

Por cada ano de servizos prestados no Concello do Porriño con cargo a prazas do cadro de persoal: 0,50 puntos, ata un máximo de 4 puntos.

2.— Experiencia profesional.

Polo desempeño temporal dalgún dos postos obxecto desta convocatoria: 0,25 puntos por mes, ata un máximo de 4 puntos.

3.— Grao persoal.

- O mesmo grao persoal ou superior ó do posto a que se aspira: 2 puntos.
- Un nivel inferior: 1,5 puntos
- Dous niveis inferiores ou menos: 1 punto.
- Tres niveis inferiores ou menos: 0,5 puntos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: IN643DLT5U5PQIM



Martes, 30 de setembro de 2025

Núm. 186

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 2 puntos.

4.— Cursos de formación e perfeccionamento.

Unicamente se terán en conta os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas directamente coas funcións propias dos postos convocados, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración ou Organismo Público (INAP, EGAP e outros organismos oficiais), se trate de cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas ou do plan de formación do Concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados.

A puntuación outorgarase de conformidade co seguinte baremo:

- Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.
- Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,10 puntos.

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 4 puntos.

5.— Formación académica.

Avaliarase a obtención doutras titulacións académicas superiores, excluindo as que serviron para obter outra superior, relacionadas coas funcións propias dos postos convocados e outras homologadas por organismos oficiais relacionadas coas funcións propias dos postos convocados, de acordo co seguinte baremo:

Titulación universitaria oficial de máster: 2 puntos

Titulación universitaria oficial de graduado, diplomado/a ou equivalente: 1 punto.

A cualificación máxima por formación académica non poderá exceder de 2 puntos.

6.— Coñecemento do idioma galego.

O coñecemento da lingua galega valorarase de xeito independente conforme o seguinte baremo:

- Por acreditar ter Celga 3 ou curso de iniciación: 0,50 puntos.
- Por acreditar ter Celga 4 ou curso de perfeccionamento ou curso básico de linguaxe administrativa: 1,00 puntos.



Martes, 30 de setembro de 2025

Núm. 186

- Por acreditar posuír curso medio de linguaxe administrativa: 1,50 puntos.
- Por acreditar posuír Celga 5 ou curso superior de linguaxe administrativa: 2,00 puntos.

En relación co coñecemento da lingua galega puntuarase unicamente o curso de maior nivel.

DÉCIMO PRIMEIRA.— PUNTUACIÓN MÍNIMA E CRITERIOS DE DESEMPATE.

Puntuación mínima.— Para poder ter dereito a ser nomeado ao posto de traballo convocado, o/a candidato/a deberá obter un mínimo de 9 puntos conforme ao baremo de méritos anterior.

A puntuación por cada un dos devanditos apartados non poderá ser superior ao 40%, nin inferior ao 10% da puntuación total do baremo.

Criterios de desempate.— No caso de empate terá preferencia para que lle sexa adxudicado o posto o que obtivese maior puntuación polo apartado primeiro, de persistilo empate terá preferencia o de maior idade.

DÉCIMO SEGUNDA.— PROPOSTA DE NOMEAMENTO E ACHEGA DE DOCUMENTOS.

O tribunal de valoración unha vez concluídas as valoracións, publicará a proposta da valoración provisional dos/as aspirantes por orde de puntuación no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org, conferíndose audiencia aos interesados/as para que no prazo de 10 días hábiles efectúen as alegacións que estimen oportunas, que serán resoltas motivadamente polo tribunal en igual prazo.

Resoltas as reclamacións, se as houbese e, en caso contrario, rematado o prazo dos 10 días hábiles, o tribunal de valoración elevará ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación a proposta definitiva de nomeamento das persoas candidata/as para a provisión definitiva de postos de traballo obxecto desta convocatoria, e a súa proposta será vinculante, publicándose no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

A toma de posesión deberá efectuarse nos termos previstos na lexislación vixente.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

Os nomeamentos deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Os nomeamentos notificaránselle aos interesados/as para que tomen posesión nos termos previstos na lexislación vixente. Quen non o faga sen causa xustificada enténdese decaído no seu dereito.

Os funcionarios tomarán posesión de cadanseu posto e nos actos de toma de posesión deberán prestar xuramento ou promesa, de acordo coa fórmula prevista no Real Decreto Real

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: IN643DLTSU5PQPIIM



decreto 707/1979, de 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas e consonte o artigo 60 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- INCIDENCIAS.

As presentes bases da convocatoria así como os actos administrativos que se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polos interesados nos casos, termos e forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local; así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No non previsto nas presentes bases, serán de aplicación o previsto no marco normativo de aplicación.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIMEN XURÍDICO.

O proceso selectivo axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público; á Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna da Administración autonómica de Galicia, o Decreto 151/2022, de 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado; ao vixente acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario do concello do Porriño e demais disposicións que resulten de aplicación.



Martes, 30 de setembro de 2025

Núm. 186

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

D./D^a _____, veciño/a de _____, teléfono de contacto _____, con domicilio en rúa _____, número _____, e con N.I.F. número _____, comparece ante V.S. polo presente escrito e como mellor proceda:

EXPÓN:

Que tendo coñecemento do anuncio da convocatoria efectuada polo Concello do Porriño para a provisión de 2 postos de xefatura C1, a través do sistema de concurso e reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria.

SOLICITA:

Tomar parte na presente convocatoria a provisión dos postos de traballo, aceptando integramente o contido das bases e comprometéndome ao cumprimento estrito das mesmas.

Acompaña a seguinte documentación:

- Relación numerada de todos os méritos alegados.
- Declaración responsable dos méritos alegados pola antigüidade no Concello de O Porriño e por experiencia profesional polo desempeño temporal do posto.
- Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Xustificante do pagamento dos derellos de participación no proceso selectivo.
- Expresión dos postos solicitados e da orde de preferencia respecto dos postos aos que se aspira.

POSTOS SOLICITADOS (marcar cunha X)	NÚMERO DE ORDE DE PREFERENCIA (marcar a orde de preferencia)	CÓDIGO POSTO
		01.00.00.04
		03.00.00.02

Asinado en a de de 202....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: N643DLT5U5PQFIM

